

«1. De acordo co previsto no artigo 24 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, terán dereito ao cobramento por garantía de potencia as unidades de produción de enerxía eléctrica que presenten ofertas nos mercados de enerxía eléctrica con entrega física, así como as unidades de produción de enerxía eléctrica pola parte da potencia vinculada ao cumprimento dun contrato bilateral con entrega física, sempre que tales unidades de produción acrediten a súa dispoñibilidade nos termos recollidos no número 3 deste artigo.»

Dous. Modifícase o número 2 do punto primeiro da orde do 17 de decembro de 1998, que quedará redactado da seguinte forma:

«2. Non terán dereito ao cobramento por garantía de potencia as importacións de enerxía eléctrica nin a enerxía procedente de instalacións de produción en réxime especial que vendan a súa enerxía a un prezo regulado nos termos previstos na alínea a) do número 1 do artigo 22 do Real decreto 436/2004, do 12 de marzo.»

Tres. Engádesse un novo número 3 ao punto primeiro da Orde do 17 de decembro de 1998, que quedará redactado da seguinte forma:

«3. Para efectos da determinación da dispoñibilidade das unidades de produción de enerxía eléctrica a que se refire o número 1 deste punto, as unidades deberán acreditar desde o 1 de xaneiro de 2005 un funcionamento mínimo de 50 horas anuais a plena carga ou equivalentes se non funciona a plena carga.

A Comisión Nacional de Enerxía anualmente efectuará a comprobación da dispoñibilidade das unidades de produción de enerxía eléctrica con dereito a cobramento por garantía de potencia, con base nos parámetros que interveñen no seu cálculo.

Para estes efectos, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas aprobará un plan de inspeccións con carácter anual a realizar sobre unidades de produción de enerxía eléctrica con dereito a cobramento por garantía de potencia. A Comisión Nacional de Enerxía deberá presentar durante o primeiro mes de cada ano o resultado das inspeccións realizadas no ano anterior, así como unha proposta do plan de inspeccións para o ano seguinte á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para a súa aprobación.

Así mesmo, habilitarase o operador do sistema para que poida realizar actuacións sen aviso previo, tales como solicitar o arranque e acoplamento de unidades de produción de enerxía eléctrica con dereito ao cobramento por garantía de potencia, con obxecto de verificar a súa contribución efectiva á garantía da subministración.»

2. Modificación dos suxeitos obrigados ao pagamento de garantía de potencia.

Un. Modifícase o número 1 do punto segundo da Orde do 17 de decembro de 1998, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. Estarán obrigados ao pagamento por garantía de potencia todos os distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados pola enerxía que efectivamente adquiren a través

das diferentes modalidades de contratación e destinada ao consumo interno español.»

Dous. Modifícase o número 2 do punto segundo da Orde do 17 de decembro de 1998, que quedará redactado da seguinte forma:

«2. Non estarán obrigados ao pagamento por garantía de potencia os produtores pola enerxía correspondente ao autoconsumo de produción e ao consumo de bombeo.»

3. Modificación do importe a cobrar en concepto de garantía de potencia polos produtores.

Modifícase a definición do termo DTbc(m) do punto terceiro da Orde do 17 de decembro de 1998, que quedará redactado da seguinte forma:

«DTbc(m) = A demanda do mes m en barras de central que inclúa a demanda de enerxía no mercado de produción dos clientes finais elevada a barras de central de acordo coa normativa vixente e excluídos o autoconsumo de produción, os consumos de bombeo e a produción correspondente ao réxime especial que non acuda ao mercado de produción.»

## MINISTERIO DO INTERIOR

**21163** *REAL DECRETO 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os certificados de sinatura electrónica.* («BOE» 307, do 24-12-2005.)

A Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, no seu artigo 9, reconece o dereito de todos os españois a que se lles expida o documento nacional de identidade, ao cal se lle atribúe o valor suficiente para acreditar, por si mesmo, a identidade das persoas, e outórgalle a protección que aos documentos públicos e oficiais lles é recoñecida polo ordenamento xurídico.

A mesma norma dispón a obrigatoriedade do documento nacional de identidade para os maiores de catorce anos, agás nos supostos en que, conforme o previsto na lei, teña que ser substituído por outro documento, e establece tamén que nel figurarán a fotografía e a sinatura do titular, así como os datos persoais que se determinen regulamentariamente.

En canto á competencia para a súa expedición e xestión, a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, atribúelle ao Corpo Nacional de Policía a da expedición do documento nacional de identidade, ao recollela expresamente entre as funcións que lle encomenda a este instituto policial, o cal, segundo a mesma lei, dependerá do Ministerio do Interior.

Por outra parte, a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, veulle atribuír ao documento nacional de identidade novos efectos e utilidades, como son os de poder acreditar electronicamente a identidade e demais datos persoais do titular que nel consten, así como a identidade do asinante e a integridade dos documentos asinados cos dispositivos de sinatura electrónica, cuxa incorporación a el se establece.

A mesma lei, no punto primeiro da disposición derradeira segunda dispón que o Goberno adaptará a regula-

ción regulamentaria do documento nacional de identidade ás previsións da referida lei.

Así mesmo, hai que sinalar que a normativa regulamentaria que regula os distintos aspectos do documento nacional de identidade se encontra dispersa en distintas disposicións e é, en parte, de datas anteriores á vixencia da Constitución, o que xera disfuncións á hora da súa aplicación, derivadas tanto da propia antigüidade das normas como da dispersión destas.

Neste contexto, e en vista do mandato legal contido na Lei 59/2003, antes citada, resulta imprescindible acometer a adecuación e ordenación da normativa que regula o referido documento, abordando aqueles aspectos derivados das novas utilidades que se lle atribúen.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 23 de decembro de 2005,

## DISPÓN O :

### Artigo 1. *Natureza e funcións.*

1. O documento nacional de identidade é un documento persoal e intransferible emitido polo Ministerio do Interior que goza da protección que aos documentos públicos e oficiais lles outorgan as leis. O seu titular estará obrigado á súa custodia e conservación.

2. O devandito documento ten suficiente valor, por si mesmo, para acreditar a identidade e os datos persoais do seu titular que nel se consignen, así como a nacionalidade española deste.

3. A cada documento nacional de identidade asignaráselle un número persoal que terá a consideración de identificador numérico persoal de carácter xeral.

4. Igualmente, o documento nacional de identidade permítelles aos españois maiores de idade e que gocen de plena capacidade de obrar a identificación electrónica do seu titular, así como realizar a sinatura electrónica de documentos, nos termos previstos na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

5. A sinatura electrónica realizada a través do documento nacional de identidade terá, respecto dos datos consignados en forma electrónica, o mesmo valor ca a sinatura manuscrita en relación cos consignados en papel.

6. Ningún español poderá ser privado do documento nacional de identidade, nin sequera temporalmente, agás nos casos e na forma establecidos polas leis en que teña que ser substituído por outro documento.

### Artigo 2. *Dereito e obriga de obtelo.*

1. Todos os españois terán dereito a que se lles expida o documento nacional de identidade, e será obrigatoria a súa obtención para os maiores de catorce anos residentes en España e para os de igual idade que, residindo no estranxeiro, se trasladen a España por tempo non inferior a seis meses.

2. Todas as persoas obrigadas a obter o documento nacional de identidade estano tamén a exhibilo cando foren requiridas para iso pola autoridade ou os seus axentes.

### Artigo 3. *Órgano competente para a expedición e xestión.*

1. Será competencia do Ministerio do Interior o exercicio das funcións relativas á xestión, dirección, organización, desenvolvemento e administración de

todos aqueles aspectos referentes á expedición e confección do documento nacional de identidade, conforme o previsto na lexislación en materia de seguridade cidadá e de sinatura electrónica.

2. O exercicio das competencias a que se refire o punto anterior, incluída a emisión dos certificados de sinatura electrónica recoñecidos, realizarao a Dirección Xeral da Policía, a quen lle corresponderá tamén a custodia e responsabilidade dos arquivos e ficheiros, automatizados ou non, relacionados co documento nacional de identidade. Para tal efecto, a Dirección Xeral da Policía quedará sometida ás obrigas impostas ao responsable do ficheiro pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de setembro, de protección de datos de carácter persoal.

### Artigo 4. *Procedemento de expedición.*

1. O documento nacional de identidade expedirase por solicitude do interesado na forma e lugares que para o efecto se determinen, para o cal deberá achegar os documentos que se establecen no artigo 5.1 deste real decreto.

2. Para lles facilitar aos cidadáns a obtención do documento nacional de identidade, o Ministerio do Interior en colaboración co Ministerio de Administracións Públicas adoptará as medidas oportunas para o fomento da cooperación dos distintos órganos das administracións públicas coa Dirección Xeral da Policía.

### Artigo 5. *Requisitos para a expedición.*

1. Para solicitar a expedición do documento nacional de identidade será imprescindible a presenza física da persoa a quen se lle teña que expedir, o aboamento da taxa legalmente establecida en cada momento e a presentación dos seguintes documentos:

a) Certificación literal de nacemento expedida polo rexistro civil correspondente. Para estes efectos unicamente serán admitidas as certificacións expedidas cunha antelación máxima de tres meses á data de presentación da solicitude de expedición do documento nacional de identidade.

b) Una fotografía recente a cor do rostro do solicitante, tamaño 32 por 26 milímetros, con fondo uniforme claro liso, tomada de fronte coa cabeza totalmente descuberta e sen lentes de cristais escuros ou calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.

c) Certificado de empadramento do concello onde o solicitante teña o seu domicilio, expedido cunha antelación máxima de tres meses á data da solicitude do documento nacional de identidade.

d) Os españois residentes no estranxeiro acreditarán o domicilio mediante certificación da representación diplomática ou consular onde estean inscritos como residentes.

2. Excepcionalmente, nos supostos en que, por circunstancias alleas ao solicitante, non se puidese presentar algún dos documentos a que se refire o punto primeiro deste artigo, e sempre que se acrediten por outros medios, suficientes a xuízo do responsable do órgano encargado da expedición, os datos que consten en tales documentos, poderáselle expedir un documento nacional de identidade coa validez que se indica no artigo seguinte.

3. No momento da solicitude, ao interesado recolle-ránselle as impresións dactilares dos dedos índices de ambas as mans. Se non for posible obter a impresión dactilar dalgún dos dedos ou de ambos, por mutilación ou defecto físico destes, substituirase, en relación coa

man que corresponda, por outro dedo segundo a seguinte orde: medio, anular, auricular ou polgar. Nestes casos indícarase o dedo a que se refire, e se se carecese de todos eles, farase constar no lugar do soporte destinado para tal fin o motivo polo cal non aparece a devandita impresión.

#### Artigo 6. *Validez.*

1. Con carácter xeral o documento nacional de identidade terá un período de validez, contado desde a data da expedición ou de cada unha das súas renovacións, de:

- a) Cinco anos, cando o titular non cumprise os trinta no momento da expedición ou renovación
- b) Dez anos, cando o titular cumprise os trinta e non alcanzase os setenta.
- c) Permanente cando o titular cumprise os setenta anos.

2. De forma excepcional poderáselle outorgar validez distinta ao documento nacional de identidade nos seguintes supostos de expedición e renovación:

- a) Permanente, a persoas maiores de trinta anos que acrediten a condición de grande inválido.
- b) Por un ano, nos supostos do punto segundo do artigo 5 e do mesmo punto do artigo 7.

3. Malia o disposto neste artigo, en canto á validez da utilidade informática prevista no artigo 1.4 observárase o que especificamente se establece ao respecto no artigo 12 deste real decreto.

#### Artigo 7. *Renovación.*

1. Transcorrido o período de validez que para cada suposto se prevé no artigo anterior, o documento nacional de identidade considerarase caducado e quedarán sen efecto as atribucións e efectos que lle recoñece o ordenamento xurídico, estando o seu titular obrigado a proceder á súa renovación.

A devandita renovación levarase a cabo mediante a presenza física do titular do documento, que deberá aboar a taxa correspondente e achegar unha fotografía coas características sinaladas no artigo 5.1.b). Tamén se lle recollerán as impresións dactilares que se refiren no punto terceiro do mesmo artigo.

2. Independentemente dos supostos do punto anterior deberase proceder á renovación do documento nacional de identidade nos supostos de variación dos datos que se recollen nel, en cuxo caso será preciso achegar, ademais do establecido no punto anterior, os documentos xustificativos que acrediten a devandita variación.

#### Artigo 8. *Expedición de duplicados.*

1. O extravío, subtracción, destrución ou deterioración do documento nacional de identidade suporá a obriga do titular de se prover inmediatamente dun duplicado, que será expedido na forma e cos requisitos indicados para a renovación prevista no punto primeiro do artigo anterior. A validez destes duplicados será a mesma que tiñan os documentos a que substitúen, agás que estes estean dentro dos últimos 90 días da súa vixencia, en cuxo caso se expedirán coa mesma validez ca se se tratase dunha renovación.

2. Os documentos substituídos perderán o carácter de documento nacional de identidade, así como os efec-

tos que o ordenamento xurídico lle atribúe a este con respecto ao seu titular.

#### Artigo 9. *Entrega do documento nacional de identidade.*

1. A entrega do documento nacional de identidade deberase realizar persoalmente ao seu titular, e cando este sexa menor de 14 anos ou incapaz levarase a cabo en presenza da persoa que teña encomendada a patria potestade ou tutela, ou persoa apoderada por estas últimas. No momento da entrega do documento nacional de identidade proporcionarase a información a que se refire o artigo 18. b) da Lei 59/2003, do 19 de decembro.

2. A activación da utilidade informática a que se refire o artigo 1.4, que terá carácter voluntario, levarase a cabo mediante unha clave persoal secreta, que o titular do documento nacional de identidade poderá introducir reservadamente no sistema.

3. Ao entregar o documento renovado, procederase á retirada do anterior para a súa inutilización física. Unha vez inutilizado poderalle ser devolto ao seu titular se este o solicita.

#### Artigo 10. *Características da tarxeta soporte.*

1. O material, formato e deseño da tarxeta soporte do documento nacional de identidade determináranos o Ministerio do Interior, tendo en conta na súa elaboración a utilización de procedementos e produtos conducentes á consecución de condicións de calidade e inalterabilidade e máximas garantías para impedir a súa falsificación. Levará incorporado un chip electrónico co obxecto de posibilitar a utilidade informática a que se refire o artigo 1.4 deste real decreto.

2. A tarxeta soporte levará estampados no anverso, de forma destacada e preeminente os literais «Documento Nacional de Identidade», «España» e «Ministerio do Interior».

#### Artigo 11. *Contido.*

1. O documento nacional de identidade recollerá graficamente os seguintes datos do seu titular:

No anverso:

Apelidos e nome.  
Data de nacemento.  
Sexo.  
Nacionalidade.

Número persoal do documento nacional de identidade e carácter de verificación correspondente ao número de identificación fiscal.

Fotografía.  
Sinatura.

No reverso:

Lugar de nacemento.  
Provincia-Nación.  
Nome dos pais.  
Domicilio.  
Lugar de domicilio.  
Provincia.  
Nación.  
Caracteres OCR-B de lectura mecánica.

Os datos de filiación reflectiranse nos mesmos termos en que consten na certificación a que se alude no artigo 5.1.a) deste real decreto, excepto no campo de

caracteres OCR-B de lectura mecánica, en que por aplicación de acordos ou convenios internacionais a transcripción literal daqueles datos impida ou dificulte a lectura mecánica e finalidade daqueles caracteres.

2. Igualmente constarán os seguintes datos referentes ao propio documento e á tarxeta soporte:

Data de caducidade  
Número de soporte.

3. Os textos fixos expresaranse en castelán e os expedidos en territorio daquelas comunidades autónomas que teñan outra lingua oficial expresaranse tamén nesta.

4. O chip incorporado á tarxeta soporte conterá:

Datos de filiación do titular.  
Imaxe dixitalizada da fotografía.  
Imaxe dixitalizada da sinatura manuscrita.

Patrón da impresión dactilar do dedo índice da man dereita ou, de ser caso, daquel que corresponda segundo o indicado no artigo 5.3 deste real decreto.

Certificados recoñecidos de autenticación e de sinatura, e certificado electrónico da autoridade emisora, que conterán os seus respectivos períodos de validez.

Claves privadas necesarias para a activación dos certificados mencionados anteriormente.

#### Artigo 12. *Validez dos certificados electrónicos.*

1. Con independencia daquilo que establece o artigo 6.1 sobre a validez do documento nacional de identidade, os certificados electrónicos recoñecidos incorporados a el terán un período de vixencia de trinta meses.

Cando finalice a vixencia do certificado electrónico, poderase solicitar a expedición de novos certificados recoñecidos, mantendo a mesma tarxeta do documento nacional de identidade mentres o devandito documento continúe vixente. Para a solicitude dun novo certificado deberá mediar a presenza física do titular na forma e cos requisitos que determine o Ministerio do Interior, de acordo co previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro.

2. O cumprimento do período establecido no punto anterior implicará a inclusión dos certificados na lista de certificados revogados que será mantida pola Dirección Xeral da Policía, ben directamente ou a través das entidades ás cales lles encomende a súa xestión.

3. A perda de validez do documento nacional de identidade levará aparellada a perda de validez dos certificados recoñecidos incorporados a el. A renovación do documento nacional de identidade ou a expedición de duplicados deste implicará, pola súa vez, a expedición de novos certificados electrónicos.

4. Tamén serán causas de extinción da vixencia do certificado recoñecido as establecidas na Lei 59/2003, do 19 de decembro, que resulten de aplicación, e, entre outras, o falecemento do titular do documento nacional de identidade electrónico.

5. Nos supostos previstos no artigo 8.1 deste real decreto, o titular deberalle comunicar inmediatamente tales feitos á Dirección Xeral da Policía polos procedementos e medios que para o efecto habilite esta, co obxecto da súa revogación.

#### Artigo 13. *Declaración de Prácticas e Políticas de Certificación.*

De acordo e en cumprimento do artigo 19 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, o Ministerio do Interior formulará unha Declaración de Prácticas e Políticas de Cer-

tificación. A devandita declaración de prácticas e políticas de certificación estará dispoñible ao público de maneira permanente e facilmente accesible na páxina da internet do Ministerio do Interior.

Disposición adicional primeira. *Documento de substitución do documento nacional de identidade en supostos de retirada deste.*

Nos supostos en que, de acordo coas previsións establecidas nas leis, a autoridade competente acorde a retirada temporal do documento nacional de identidade por parte dos órganos encargados da expedición deste, procederase a dotar o interesado dun documento identificador que terá as características e funcionalidades que determine o Ministerio do Interior, atendendo ás causas da súa retirada.

Disposición adicional segunda. *Documento nacional de identidade dos menores de idade.*

A posesión do documento nacional de identidade polos menores de idade non supón, por si mesma, autorización para se desprazaren fóra do territorio nacional, debendo ser suplida, para estes efectos, coa correspondente autorización de quen exerza a patria potestade ou tutela.

Disposición adicional terceira. *Imposibilidade de expedición ou renovación do documento nacional de identidade.*

Cando exista imposibilidade manifesta para a expedición do documento nacional de identidade, e sen prexuízo de que as autoridades e órganos correspondentes comprobren a personalidade do interesado por calquera outro medio, excepcionalmente poderase substituír aquel por certificacións anuais en que consten os motivos de tal imposibilidade, que nos supostos de renovación terán unicamente o fin de prorrogar a validez do documento caducado.

Disposición adicional cuarta. *Remisión de información por vía telemática.*

1. A documentación requirida para a expedición do documento nacional de identidade no artigo 5.1 deste real decreto non será exixible cando sexa posible remitirle esta desde os órganos competentes por medios telemáticos á Dirección Xeral da Policía, de conformidade con aquilo que se estableza mediante convenio.

2. Nestes casos, por orde do ministro do Interior establecerase o réxime de achega dos devanditos documentos.

Disposición transitoria única. *Validez dos documentos nacionais de identidade expedidos ou renovados de conformidade coa normativa anterior a este real decreto e proceso de substitución.*

1. Os documentos nacionais de identidade xa emitidos ou os que se continúen expedindo polo sistema anterior conforme a normativa existente cando entre en vigor este real decreto seguirán sendo válidos e eficaces de conformidade coa devandita normativa mentres non se proceda á súa substitución polo documento nacional de identidade de acordo con aquilo que se establece no punto seguinte desta disposición.

2. A Dirección Xeral da Policía programará e organizará, temporal e territorialmente, o proceso de substitución das tarxetas soporte do documento nacional de identidade emitidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto polo novo documento nacional de identidade, podéndose establecer por razóns de interese público programacións especiais para determinados colectivos.

3. Só se poderá solicitar a expedición do novo documento nacional de identidade no marco da programación a que fai referencia o punto anterior.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións: Decreto 196/1976, do 6 de febreiro, polo que se regula o documento nacional de identidade, e as modificacións levadas a cabo nel a través dos reais decretos 1189/1978, do 2 de xuño; 2002/1979, do 20 de xullo; 2091/1982, do 12 de agosto; e 1245/1985, do 17 de xullo.

2. Así mesmo, quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao preceptuado neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias atribuídas ao Estado polo artigo 149.1.8.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup>, 21.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento.*

1. O Ministerio do Interior adoptará as disposicións necesarias para lle dar cumprimento ao previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en materia de creación e modificación de ficheiros de titularidade pública.

2. Habilítanse os ministros do Interior, de Xustiza, de Economía e Facenda, de Industria, Turismo e Comercio e de Administracións Públicas para que ditén, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Taxas.*

O Goberno promoverá a norma legal de rango adecuado para a adecuación da taxa que se teña que percibir pola expedición do documento nacional de identidade, de acordo co seu custo e considerando os beneficios que lle proporciona á comunidade.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, excepto o relativo ao artigo 1.4 que entrará en vigor cando o faga o novo formato e deseño do documento nacional de identidade.

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,

JOSÉ ANTONIO ALONSO SUÁREZ

## XEFATURA DO ESTADO

**21261** *LEI 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. («BOE» 309, do 27-12-2005.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### Exposición de motivos

I

En España, igual ca noutros países desenvolvidos, o tabaquismo é a primeira causa illada de mortalidade e morbilidade evitable. A evidencia científica sobre os riscos que leva consigo o consumo de tabaco para a saúde da poboación é concluínte.

Estímase, segundo os datos da Organización Mundial da Saúde (OMS), que o consumo de tabaco é responsable do 90 por cento da mortalidade por cancro de pulmón, do 95 por cento das mortes por enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, do 50 por cento da mortalidade cardiovascular e do 30 por cento das mortes que se producen por calquera tipo de cancro. En España falece cada ano como consecuencia do consumo de tabaco un número de persoas que representa o 16 por cento de todas as mortes acontecidas na poboación maior de trinta e cinco anos. Así mesmo, hai evidencias científicas de que o fume do tabaco no ambiente (consumo pasivo ou involuntario de tabaco) é causa de mortalidade, enfermidade e discapacidade. A Axencia Internacional de Investigación do Cancro da OMS determinou que a exposición ao aire contaminado con fume do tabaco é carcinóxénica nos seres humanos.

O consumo de tabaco, como factor determinante de diferentes patoloxías e como causa coñecida de morte e de importantes problemas sociosanitarios, constitúe un dos principais problemas para a saúde pública; de aí pois a necesidade de implantar medidas dirixidas á súa prevención, limitar a súa oferta e demanda e regular a súa publicidade, promoción e patrocinio.

Estas medidas deben estar en total sintonía coas actuacións previstas na Estratexia Europea para o Control do Tabaquismo 2002 da Rexión Europea e co Convenio Marco da OMS para o Control do Tabaco, feito en Xenebra o 21 de maio de 2003 e ratificado por España o 30 de decembro de 2004.

Así mesmo, a Unión Europea viu con preocupación o fenómeno do tabaquismo, que pretendeu combater a través de diferentes medidas normativas entre as que destaca a aprobación da Directiva 2003/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros en materia de publicidade e de patrocinio dos produtos do tabaco, directiva que, mediante esta lei, se incorpora ao noso ordenamento.

A Constitución española reconece no seu artigo 43 o dereito á protección da saúde, e encoméndalles no seu punto 2 aos poderes públicos a organización e tutela da saúde pública a través de medidas preventivas. Para contribuír á efectividade deste dereito, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, estableceu a obriga das